

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora* Povolny ou couza guatemalteca da pataca.*

Antecedentes:

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora* Povolny ou *Scrobipalopsis solanivora* Povolny, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015.

A *Tecia solanivora* Povolny é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (European Plant Protection Organization), e no anexo II, parte A, sección I, da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, polo que se considera unha praga de corentena, sometida a regulación e, por tanto, é necesario tomar medidas para a súa erradicación e control.

A través da Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, declárase a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora* Povolny ou couza guatemalteca da pataca, establécense as zonas demarcadas para esta praga e adóptanse medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

En datas posteriores ás da publicación desa resolución producíronse novas deteccións deste organismo noutras zonas do territorio e, por tanto, deberá aplicarse o establecido no punto 4 da mencionada resolución.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Establecer como zonas demarcadas pola existencia da praga denominada *Tecia solanivora* Povolny (couza guatemalteca da pataca) na Comunidade Autónoma de Galicia os concellos de Ferrol, Narón e Neda na provincia da Coruña e os concellos de Cervo, Foz, Xove, O Valadouro e Viveiro na provincia de Lugo.



2. Manter as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora* Povolny ou couza guatemalteca da pataca, se establecen as zonas demarcadas para esta praga e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2016

Belén María do Campo Piñeiro  
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

